

Unha primeira aproximación ao listado da flora rara e ameazada de Galicia (NO da Península Ibérica)

S. ORTIZ, J. RODRÍGUEZ-OUBIÑA & I. PULGAR

*Laboratorio de Botánica. Departamento de Biología Vexetal. Facultade de Farmacia
Universidade de Santiago. 15706 Santiago de Compostela. Galicia-España*

(Recibido, mayo de 1998. Aceptado, junio de 1998)

Resumo

ORTIZ, S., RODRÍGUEZ-OUBIÑA, J. & PULGAR, I. (1998). Unha primeira aproximación ao listado da flora rara e ameazada de Galicia (NO da Península Ibérica). *Nova Acta Científica Compostelana (Biología)*, 8: 95-101

Neste traballo presentase unha primeira aproximación ao listado da flora vascular rara e ameazada de Galicia no que se integran 190 especies e subespecies en tres diferentes niveis, de maior a menor demanda de protección. Explicanse, de xeito moi conciso, o contido e os criterios cos que esta delimitado cada un dos tres niveis e o tipo de protección proposto para as plantas que os integran. Ao lado de cada especie e subespecie do listado engadimos, de xeito provisorio, a categoría de ameaza da IUCN.

Palabras chave: Flora vascular, flora rara, flora ameazada, conservación, Galicia, Península Ibérica.

Abstract

ORTIZ, S., RODRÍGUEZ-OUBIÑA, J. & PULGAR, I. (1998). A preliminary listing of the rare and threatened flora of Galicia (northwest Iberian Peninsula). *Nova Acta Científica Compostelana (Biología)*, 8: 95-101

A preliminary list of rare and threatened vascular plants of Galicia (northwest Iberian Peninsula) is presented. The list comprises a total of 190 species and subspecies, classified into three groups on the basis of need for protection. The criteria used for this classification, and recommended protection measures for each group, are briefly described. A provisional assessment of IUCN conservation categories is also included for each of the 190 taxa.

Key words: Vascular plants, rare plants, threatened plants, conservation, Galicia, Iberian Peninsula.

INTRODUCCIÓN

Debido á crecente degradación do medio natural, na maior parte dos Países estanse a desenvolver nos últimos anos programas de estudo e conservación e a promulgar leis de protección da súa flora e fauna rara e ameazada.

Ata o momento unicamente se ten estudado un aspecto parcial da flora rara e ameazada de Galicia: a flora endémica. Dita flora foi obxecto dalgúns referencias debidas casi exclusiva-

mente a BELLOT (1968), IZCO (1989) e IZCO & SÁNCHEZ (1995), sendo este último traballo o mais exahustivo e detallado. Nun ámbito mais xeral existen diversos estudos da flora endémica ibérica debidos a SÁINZ OLLERO & HERNÁNDEZ-BERMEJO (1981), BARRENO *et al.* (1984) e MORENO SÁIZ & SÁINZ OLLERO (1992).

No que respecta á flora rara e ameazada de Galicia apenas existen referencias que traten o tema de forma monográfica non sendo en revistas de divulgación (ORTIZ *et al.*, 1997a, b). Outros

traballos como os de SILVA-PANDO (1982), JATO & RODRÍGUEZ GRACIA (1986), entre outros, refírense a él de xeito parcial. Respecto á Península Ibérica no seu conxunto, son varios os estudos mais ou menos exaustivos destacando os de GÓMEZ-CAMPO *et al.* (1984), GÓMEZ-CAMPO (1987), DOMÍNGUEZ-LOZANO *et al.* (1996) e CASTRO PARGA *et al.* (1996).

No "Libro Rojo" de GÓMEZ CAMPO (1987), no que en realidade se recollen soamente especies endémicas ameazadas do Estado Español e se descartan outras tanto ou mais ameazadas non endémicas, recollense 300 especies de España Peninsular e Baleares, estando incluídas entre elas soamente 8 presentes en Galicia o que, sen nengunha dúbida, non se corresponde co nivel de especies ameazadas presentes no noso territorio. Falta, por tanto, moitas especies de grande interese como *Armeria humilis* (Link) Schultes, *Armeria merinoi* (Bernis) Nieto Feliner & Silva Pando, *Eryngium juressianum* (Lafnz) Lafnz, *Eryngium viviparum* Gay, *Iris boissieri* Henriques, *Isoetes longissimum* Bory, etc.

En calquera caso o listado de flora rara e ameazada que ten tido mais trascendencia ultimamente é, sen dúbida, o que aparece refléctido no anexo II da coñecida como directiva "Habitats" (Directiva 92/43 of the Council of the European Community on the conservation of Habitats and Wild Fauna and Flora, 1992) pois foi ese listado o que serviu de referencia para a elección das áreas a incluír na chamada rede Natura 2000 e son, por tanto, eses taxons os que serán protexidos con preferencia en dita rede. Entre as plantas vasculares do listado hai soamente 15 especies presentes en Galicia. Podemos afirmar que este catálogo presenta, no que respecta a Galicia, grandes ausencias mesmo incomprendibles como por exemplo a de *Isoetes longissimum* Bory, unha especie restrinxida a unha reducida área en Galicia e a algúns puntos no norte de África ou *Eryngium juressianum* (Lafnz) Lafnz, especie case restrinxida á serra Xurés-Gerês, mentres que, por outra banda, están incluídas especies como *Festuca elegans* ou *Festuca sumilusitana* que amais de presentar unha área de distribución considerable forman

comunidades de gran densidade e de gran vitalidade. Outras especies que merecen seren protexidas como *Hymenophyllum wilsonii* ou *Aster aragonensis* por representar a súa escasa presenza en Galicia unha salientable disxunción xeográfica, non están incluídas no catálogo por ser a súa área de distribución xeral considerable.

No que se refire á lexislación sobre protección e conservación da flora rara e ameazada, afecta a plantas gallegas o Real Decreto 439/1990 (BOE 83, 5 de Abril) que recolle o "Catálogo Nacional de especies ameazadas" no que se inclúen *Centaurea borjæ* Valdés-Bermejo e *Omphalodes littoralis* subsp. *gallaecica* Lafnz. Nese sentido podemos dicir que apenas existen precedentes deste tipo de lexislación en Galicia (excluíndo a protección do acibro) e na actualidade é Galicia unha das poucas comunidades que carecen dunha lexislación autónoma específica (contan con esta lexislación comunidades autónomas como Cataluña, Aragón, Andalucía, etc.) na que se establece que especies e subespecies deben ser obxecto prioritario de protección e conservación polo que esperamos que a publicación deste listado provisorio sexa un punto de inflexión e poida servir de referencia para a elaboración da devandita lexislación.

O presente listado, que abrangue un total de 190 especies e subespecies, é provisorio pois é necesaria a revisión do estatus taxonómico dalgúns delas e unha maior información corolóxica de campo. Amais, para perfilalo de xeito definitivo, podería ser necesaria algunha revisión bibliográfica adicional. Se utilizamos na súa estricteza a acepción o termo de rareza referido a Galicia, o número de especies e subespecies que merecen ese calificativo é moi considerable. Aínda desbotando as plantas introducidas, de orixe alóctono, habería que contabilizar máis de 600. De entre estas descartamos todas aquelas especies e subespecies raras en Galicia máis comúns e de ampla área de distribución noutros territorios máis ou menos próximos, mantendo no terceiro apartado do catálogo unicamente as árbores e arbustos nesa situación.

Aínda que, sen nengunha dúbida, as especies e subespecies que demandan maior e máis urgente

protección son as incluídas baixo o primeiro epígrafe, este listado pretende ser exhaustivo e esta elaborado en concordancia coa meirande parte dos publicados polas outras Comunidades Autónomas do Estado nos que se repartiron os diversos taxons en diferentes niveis - a miúdo tres - de maior a menor demanda de protección (en Andalucía contemplanse 2 niveis e 191 plantas protexidas, en Aragón 4 niveis e 98 plantas protexidas, en Cataluña 1 nivel e 189 plantas protexidas, en Navarra 3 niveis e 118 plantas protexidas, etc...). Se as analizamos nun contexto xeral, varias das plantas do segundo listado e a meirande parte das do terceiro non están ameazadas máis semella necesaria a súa protección en maior ou menor medida en Galicia.

Ao lado da cada especie e subespecie engadimos, de xeito provisorio, a categoría de ameaza da IUCN (1981) en perigo (E), vulnerable (V), rara (R), indeterminada (I), insuficientemente coñecida (K), non ameazada (N) que *a priori* consideramos que se axusta máis a súa situación, atendendo sempre a súa área de distribución xeral. Para decidir con seguridade a categoría que mellor lle acaea a cada planta do listado serán, sen dúbida, necesarios estudos posteriores.

LISTADO DA FLORA RARA E AMEAZADA DE GALICIA

Especies en perigo de total extinción (21)

Inclúe aquelas plantas en perigo de total extinción se non se protexen aciadamente en Galicia. Nalguns casos ese perigo é máis ou menos inminente (no listado coa categoría de ameaza E) mentres que noutros semella menos acuciante (no listado coa categoría de ameaza V). Son especies e subespecies de poboacións moi reducidas que se se extinguen en Galicia extingúense ben na súa totalidade, naqueles casos de endemismos estritos de Galicia, ou case totalmente.

Propomos para este grupo de especies e subespecies unha protección integral de xeito que as súas poboacións e entorno vital non poidan

seren alteradas en ningún caso así como para cada unha delas un plano de estudio e de conservación específico incluíndo a constitución, nos casos necesarios, de minireservas.

Armeria humilis (Link) Schultes subsp. *humilis* (V)

Armeria humilis (Link) Schultes subsp. *odorata* (Samp.) P. Silva (V)

Armeria merinoi (Bernis) Nieto Feliner & Silva Pando (E)

Armeria pungens (Link) Hoffmanns. & Link (V)

Centaurea borjæ Valdés-Bermejo & Rivas Goday (V)

Centaurea janeri Graells subsp. *gallaecica* Laínz (V)

Centaurea ultreiae Silva Pando (V)

Crepis novoana S. Ortiz, Soñora & Rodr. Oubiña (E)

Eryngium juressianum (Laínz) Laínz (V)

Eryngium viviparum Gay (E)

Gentiana lutea L. subsp. *aurantiaca* Laínz (E)

Iris boissieri Henriq. (V)

Isoetes longissimum Bory (V)

Leucanthemum gallaecicum Rodr. Oubiña & S. Ortiz (E)

Omphalodes littoralis Lehm. subsp. *gallaecica* Laínz (E)

Petrocoptis grandiflora Rothm. (E)

Rhamnus legionensis Rothm. (E)

Rumex scutatus L. subsp. *gallaecicus* Lago (V)

Rumex rupestris Le Gall (E)

Santolina melidensis (Rodr. Oubiña & S. Ortiz) Rodr. Oubiña & S. Ortiz (V)

Thlaspi oligospermum (Merino) Greuter & Burdet (E)

Especies endémicas de área reducida e especies de interese, en perigo de extinción en Galicia (78)

Inclúe endemismos estritos ou subestrutos de Galicia, e outros de maior área máis de medios ecolóxicos especialmente sensibles, que, por seren as súas poboacións escasas, merecen protección aínda que non presenten un risco de extinción acuciante. Tamén se inclúen neste

apartado especies de area de distribución mais ou menos ampla pero en perigo de extinción en Galicia, sendo especialmente relevante desde o punto de vista bioxeográfico ou ecolóxico a súa presenza no noso País.

Propomos para estas especies e subespecies, que sexan obrigatoriamente contempladas nos informes de impacto ambiental de xeito que a súa presenza nun determinado territorio que vai sufrir un impacto obrige ao axente causante do mesmo a dar solucións viables para que a actuación proposta non afecte, ou só afecte mínimamente, á pervivencia das poboacións afectadas.

Parece necesario un seguimento periódico, aínda que non sexa exhaustivo, das súas poboacións de xeito que se se observa unha merma acusada na vitalidade dalgunha especie o subespecie poidera ser incluída no primeiro listado.

Agrostis tileni Nieto Feliner & Castroviejo (R)
Anemone trifolia L. subsp. *albida* (Mariz) Tutin (R)
Angelica pachycarpa Lange (R)
Armeria ciliata (Lange) Nieto Feliner (R)
Armeria langei Boiss. & Reuter (R)
Armeria pubigera (Desf.) Boiss. (R)
Armeria rothmaleri Nieto Feliner (R)
Armeria transmontana (Samp.) Lawrence (R)
Asplenium adiantum-nigrum L. subsp. *corunnense* (Christ) Rivas-Martínez (R)
Aster aragonensis Asso (N)
Blechnum spicant (L.) Roth subsp. *homophyllum* (Merino ex Christ) Merino (R)
Campanula arvatica Lag. subsp. *adsurgens* Ler. & Lev. (R)
Cardamine raphanifolia Pourr. subsp. *gallaecica* Laínz (R)
Carex durieui Steud. (R)
Centaurea aristata Hoffmanns. & Link subsp. *geresensis* (J. Arènes) Dostal (R)
Centaurea corcubionensis Laínz (R)
Christella dentata (Forsskal) Brownsey (probablemente xa extinguida en Galicia, R)
Corema album (L.) Don. (V)
Culcita macrocarpa (L.) R. Br. ex Hooker (V)
Cytisus ingramii Blakelock (R)
Deschampsia hispanica (Vivant) Cervi & Romo

subsp. *gallaecica* Cervi & Romo (R)
Desmazeria marina (L.) Druce subsp. *pauciflora* (Merino) Silva-Pando (R)
Dianthus legionensis (Willk.) F. N. Williams (R)
Dianthus laricifolius Boiss. & Reuter subsp. *caespitosifolius* (Planellas) Laínz (K)
Dianthus laricifolius Boiss. & Reuter subsp. *merinoi* (Laínz) Laínz (R)
Drosera intermedia Hayne (N)
Dryopteris guanchica Gibby & Jermy (V)
Erica mackaiana Bab. (R)
Festuca brigantina (Markgr.-Dannenb.) Markgr.-Dannenb. subsp. *acteophyta* Gutiérrez Villarías (R)
Festuca graniticola Kerguelen & Morla (R)
Galium teres Merino (R)
Genista sanabrensis Valdés-Bermejo, Castroviejo & Casaseca (R)
Hyacinthoides paivae S. Ortiz & Rodr. Oubiña (R)
Hymenophyllum wilsonii Hooker (V)
Isoetes velatum A. Braun subsp. *asturicense* (Laínz) Rivas-Martínez & Prada (R)
Jasione crispa (Pourret) Samp. subsp. *brevispala* (Rothm.) Rivas-Martínez (R)
Jasione lusitanica A. DC. (K)
Juniperus communis L. subsp. *alpina* (Suter) Celack (N)
Leontodon farinosus Merino & Pau (R)
Leucanthemum corunnense Lago (R)
Leucanthemum gaudinii Dalla Torre subsp. *cantabricum* (Font Quer & Guinea) Vogt (R)
Leucanthemum merinoi Vogt & Castroviejo (R)
Leucanthemum pluriflorum Pau (R)
Linaria polygalifolia Hoffmanns. & Link subsp. *aguillonensis* (García Martínez) Castroviejo & Lago (R)
Luronium natans (L.) Rafin (V)
Mibora minima (L.) Desv. subsp. *littorea* S. Ortiz, Rodr. Oubiña & P. Guitián (R)
Micropyrum patens (Brot.) Rothm. (R)
Narcissus cyclamineus DC. (R)
Narcissus juressianus Fernández Casas (K)
Otanthus maritimus (L.) Hoffmanns. & Link (V)
Paradisea lusitanica (Cout.) Samp. (R)
Pilularia globulifera L. (V)

Prunus lusitanica L. (R)
Quercus faginea Lam. (N)
Quercus lusitanica Brot. (N)
Rhynchospora fusca (L.) Aiton fil. (N)
Rhynchospora rugosa (Vahl.) S. Gale (N)
Rumex acetosa L. subsp. *biformis* (Lange)
 Castroviejo & Valdés-Bermejo (R)
Sagina merinoides Pau ex Merino (R)
Scilla merinoides S. Ortiz, Rodr. Oubiña & Izco (R)
Serratula legionensis Lacaita (R)
Sesamoides minor (Lange) O. Kuntze (R)
Silene scabriflora Brot. subsp. *megacalycina*
 Talavera (I)
Sideritis hyssopifolia L. subsp. *caureliana* Obón
 & Rivera (K)
Spergula viscosa Lag. (R)
Spergularia australis (Samp.) Prain (I)
Stegnogramma pozoi (Lag.) Iwatsuki (N)
Succisa pinnatifida Lange (R)
Taxus baccata L. (N)
Thymelaea broterana Cout. (R)
Thymelaea coridifolia (Lam.) Endl. subsp.
dendrobryum (Rothm.) Laínz (R)
Ulex europaeus L. subsp. *latebracteatus* (Mariz)
 Rothm. (R)
Ulex micranthus Lange (R)
Ulmus procera Salisb. (N)
Vandenboschia speciosa (Willd.) Kunkel (V)
Woodwardia radicans (L.) Sm. (V)
Zostera marina L. (N)
Zostera noltii Hornem. (N)

Outras plantas de interese que deben ser protexidas en maior ou menor medida (91)

Inclúe plantas que interesa preservar por diversas razóns, principalmente por seren árbores ou arbustos escasos en maior ou menos medida en Galicia, por seren plantas en proceso de extinción xeneralizada aínda que de distribución ampla ou seren plantas endémicas de área de distribución máis ou menos reducida aínda que non endemismos estrictos de Galicia e sen correr perigo de extinción na actualidade.

Propomos para estas especies e subespecies que sexan obrigatoriamente contempladas nos informes de impacto ambiental. Calquera actua-

ción sobre elas debería estar precedida dunha avaliación da importancia relativa que representan as poboacións afectadas polo impacto, no total das poboacións da especie ou subespecie en Galicia, de maneira que a actuación proposta non afecte negativamente de xeito decisivo á viabilidade global da mesma no noso País.

Parece necesario un seguimento periódico, aínda que non sexa exhaustivo, das súas poboacións, de xeito que se se observa unha merma acusada na vitalidade dalgunha especie o subespecie poidera ser incluída no segundo listado.

Acer monspessulanum L. (N)
Amelanchier ovalis Medicus (N)
Anthoxanthum amarum Brot. (R)
Arbutus unedo L. (N)
Armeria beirana Franco (R)
Armeria cantabrica Boiss. & Reuter (R)
Arnica montana L. subsp. *atlantica* A. Bolós (R)
Berberis vulgaris L. (N)
Botrychium lunaria (L.) Swartz (N)
Centaurium scilloides (L. fil.) Samp. (N)
Cistus laurifolius L. (N)
Cladium mariscus (L.) Pohl (N)
Cornus sanguinea L. (N)
Cytisus purgans (L.) Boiss. (N)
Dactylis glomerata L. subsp. *izcoi* S. Ortiz &
 Rodr. Oubiña (R)
Davallia canariensis (L.) Sm. (N)
Deschampsia setacea (Hudson) Hackel (N)
Drosera rotundifolia L. (N)
Erica erigena R. Ross. (N)
Euphorbia peplis L. (N)
Fagus sylvatica L. (N)
Genista berberidea Lange (R)
Himantoglossum hircinum (L.) Sprengel (N)
Huperzia selago (L.) Bernh. ex Schrank & C. F.
 P. Mart. (N)
Hymenophyllum tumbrigenense (L.) Sm. (V)
Iberis procumbens Lange (R)
Isoetes velatum A. Braum subsp. *velatum* (N)
Linkagrostis juressi (Link) Rom. García, Blanca
 & C. Morales (R)
Littorella uniflora (L.) Ascherson (N)
Ludwigia palustris (L.) Elliot (N)
Lycopodiella inundata (L.) J. Holub (N)

Lycopodium clavatum L. (N)
Malus sylvestris Miller (N)
Menyanthes trifoliata L. (N)
Myosoton aquaticum (L.) Moench (N)
Myosurus minimus L. (N)
Myrica gale L. (N)
Najas marina L. (N)
Najas minor All. (N)
Neotinea maculata (Desf.) Stearn (N)
Neottia nidus-avis (L.) L. C. M. Richard (N)
Nymphaea alba L. (N)
Nymphoides peltata (S. G. Gmelin) O. Kuntze (N)
Ophioglossum vulgatum L. (N)
Phalacrocarpum oppositifolium (Brot.) Willk. subsp. *hoffmannseggii* (Samp.) Nieto Feliner (R)
Phillyrea latifolia L. (N)
Pinguicula grandiflora Lam. (N)
Pinguicula lusitanica L. (N)
Pinguicula vulgaris L. (N)
Polygonum amphibium L. (N)
Populus alba L. (N)
Populus tremula L. (N)
Potentilla palustris (L.) Scop. (N)
Prunus domestica L. subsp. *insititia* (L.) C. K. Schneider (N)
Prunus mahaleb L. (N)
Prunus padus L. (N)
Puccinellia fasciculata (Torrey) E. P. Bicknell (N)
Quercus suber L. (N)
Quercus petraea (Mattuschka) Liebl. (N)
Ranunculus bupleuroides Brot. (R)
Rhamnus alaternus L. (N)
Rhamnus catharticus L. (N)
Rhamnus pumilus Turra (N)
Rhus coriaria L. (N)
Ribes petraeum Wulfen (N)
Rosmarinus officinalis L. (N)
Ruppia cirrhosa (Petagna) Grande (N)
Ruppia maritima L. (N)
Salix alba L. (N)
Salix eleagnos Scop. (N)
Salix repens L. (N)
Saxifraga lepismigena Planellas (R)
Sedum pruinaum Link ex Brot. (R)

Selinum carvifolia (L.) L. subsp. *broteri* (Hoffmanns. & Link) Laínz (R)
Silene acutifolia Link ex Rohrb. (R)
Silene foetida Link subsp. *gayana* Talavera (R)
Silene legionensis Lag. (R)
Silene littorea Brot. (R)
Sorbus aria (L.) Crantz (N)
Sorbus aucuparia L. (N)
Sorbus torminalis (L.) Crantz (N)
Spiraea hypericifolia L. subsp. *obovata* (Waldst. & Kit. ex Willd.) Dostal (N)
Tamarix africana Poiret (N)
Triglochin bulbosa L. subsp. *barrelieri* (Loisel.) Rouy (N)
Triglochin palustris L. (N)
Trisetum hispidum Lange (R)
Ulmus glabra Hudson (N)
Utricularia australis R. Br. (N)
Utricularia minor L. (N)
Viburnum lantana L. (N)
Zannichellia palustris L. (N)

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- BARRENO, E., BRAMWELL, D. & CABEZUDO, B. (1984). Listado de plantas endémicas raras o amenazadas de España. *Inform. Ambiental*, **3**: 369-377.
 BELLOT, F. (1968). La vegetación de Galicia. *Anal. Inst. Bot. Cavanilles*, **24**: 3-306.
 CASTRO PARGA, I., MORENO SÁIZ, J.C., HUMPHRIES, C.J. & WILLIAMS, P.H. (1996). Strengthening the Natural and National Park system of Iberia to conserve vascular plants. *Bot. J. Linn. Soc.*, **121**: 189-206.
 DOMÍNGUEZ LOZANO, GALICIA HERBADA, D., MORENO RIVERO, L., MORENO SÁIZ J.C. & SÁINZ OLLERO, H. (1996). Threatened Plants in Peninsular and Balearic Spain: a report based on the EU "Habitat Directive". *Biological Conservation*, **76**: 123-133.
 GÓMEZ-CAMPO, C. (Ed.). (1987). *Libro Rojo de especies vegetales amenazadas de España Peninsular e Islas Baleares*. ICONA., ser. Técnica, Madrid.
 GÓMEZ-CAMPO, C., L. BERMÚDEZ DE CASTRO, M.J. CAGIGA & M.D. SÁNCHEZ YÉLAMO (1984) Endemism in the Iberian Peninsula and balearic Islands. *Webbia*, **38**: 709-714.
 IUCN. (1981). *How to use the IUCN Red Data Book Categories*. Threatened Plants Committee Secretariat, IUCN, Kew.

- IZCO, J. (1989). Flora Vascular. In: Díaz-Fierros, F., Rfo Barja, F. & Viéitez, E. (Eds.), *A natureza ameazada, Xea, Flora e Fauna de Galicia en Perigo*: 141-202. Consello da Cultura Galega, Col. Patrimonio Ecol., Santiago.
- IZCO, J. & SÁNCHEZ, J.M. (1995). Revisión crítica del listado de flora endémica gallega. *Botánica macaronésica*, **21**: 75-84.
- JATO, V. & RODRÍGUEZ-GRACIA, V. (1986). A flora e vexetación actuais. In: Asociación Cultural Alexandre Bóveda et al.(Eds.), *O meio natural galego. Homenaxe a D. Isidro Parga Pondal*: 109-121. Edicións do Castro, Sada.
- MORENO SÁIZ, J.C. & SÁINZ OLLERO, H. (1992). *Atlas corolóxico de las monocotiledóneas endémicas de la Península Ibérica e Islas Baleares*. ICONA, Madrid.
- ORTIZ, S., RODRÍGUEZ-OUBIÑA, J. & IGLESIAS, I. (1997a). Situación actual del conocimiento y nivel de protección de la flora rara y amenazada de Galicia. *Conservación Vegetal*, **2**: 2-3.
- ORTIZ &, S., RODRÍGUEZ-OUBIÑA, J. & IGLESIAS, I. (1997b). Situación actual do coñecemento e nivel de protección da flora rara e ameazada da Galiza. *Cerna*, **20**: 20-21.
- SÁINZ OLLERO, H. & HERNÁNDEZ-BERMEJO, J.E. (1981). *Síntesis corolóxica de las dicotiledóneas endémicas de la Península Ibérica e Islas Baleares*. INIA, Madrid.
- SILVA-PANDO, J. (1982). Acerca de ciertas plantas raras o interesantes de Galicia. *Actas de las II Jornadas sobre el Medio Natural Gallego*: 39-42. Pontevedra.